

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLOS SOLICITANTES

1. Datos identificativos do solicitante:

a) Persoas físicas:

- DNI (ou documento que faga as súas veces) do solicitante e do representante (no seu caso).
- Os que comparezan ou asinen en representación doutro, acompañarán ademais un documento que acredite debidamente a representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable).

b) Persoas xurídicas:

- DNI (ou documento que faga as súas veces) do representante e documentación acreditativa da representación.
- Escritura ou documento de constitución e/ou estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente rexistrados, no seu caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

c) Comunidade de Propietarios:

- DNI (ou documento que faga as súas veces) do presidente. No caso de que a solicitude a realice o administrador da comunidade, DNI do administrador e documento que acredite debidamente a súa representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable).
- Ademais, acta do nomeamento do presidente ou acta da reunión de propietarios acordando a realización das obras.

2. Plano de situación e localización a escala mínima 1:2000 e 1:500 respectivamente.

3. Memoria descritiva e orzamento desagregado da obra ou actuación a realizar.

4. Reportaxe fotográfica da fachada da edificación e da zona da obra, subscribida pola persoa solicitante.

5. Copia das autorizacións e informes sectoriais preceptivos e manifestación expresa de que conta cos necesarios.

6. Estudo de seguridade e saúde en obras en altura e oficio do técnico responsable de seguridade durante a obra.

7. No caso de presentar documentación técnica: Declaración responsable (ou certificado colexial) do técnico competente no que figuren os seus datos persoais e profesionais de maneira que permita a súa identificación e na que se acredite que non está inhabilitado ou incurso en causa de incompatibilidade.

8. Documento de autoliquidación da taxa correspondente + I.C.I.O.

9. Se se elimina amianto, nº de inscrición en RERA da empresa.